

Os estudos galegos en diálogo coa sociedade

Débora Campos

Universidad de Buenos Aires

Presidenta da AIEG (2012-2015)

Se cada unha das cidades que foi acollendo os congresos desenvolvidos pola AIEG dende a súa fundación en 1985 soubo imprimir neses encontros o seu propio estilo, a súa personalidade, as súas características, a capital da Arxentina non foi a excepción: o XI Congreso Internacional de Estudos Galegos latexou, durante tres días, ao ritmo dunha das colectividade galegas máis poboadas, activas e entusiastas do mundo.

Con esta característica de Bos Aires, os organizadores do encontro trianual de galicianistas traballamos na composición do mellor ámbito posíbel no que os máis de 120 especialistas puideran presentar as súas investigacións e traballos achegándose, por vez primeira, á sociedade de acollida a través da figura dos *participantes ouvintes* cos que compartiron ferramentas, conceptos e puntos de vista. O interese foi tan masivo que contamos con algo menos de cen ouvintes e, se non houbo máis, foi porque a capacidade das salas non o permitía.

No tocante aos relatores, tivemos a honra de atopar interese en moitos homes e mulleres de 11 países e 4 continentes distintos: Alemaña, Arxentina, Australia, Brasil, Cuba, Francia, Gran Bretaña, Irlanda, Polonia, Portugal e Estados Unidos. Aínda que a maioría dos participantes chegaron dende Galiza, a orixe de moitísimos académicos deixounos en claro que hoxe en día fanse Estudos Galegos en moitas universidades de Europa, Norteamérica, América Latina, países da Lusofonía e mesmo

en Oceanía. Por iso, buscamos capitalizar esa riqueza nun interesante ciclo de diálogos, nos que participaron investigadoras e investigadores de Nova Celandia, País de Gales, Estados Unidos, Arxentina, Brasil, ademais doutras/os chegados de España.

Baixo o lema “Os estudos galegos ante o cambio social e cultural: identidades na fronteira, emigración e exilio”, o encontro procurou analizar as consecuencias dun proceso globalizador que medra en ritmo e incidencia sobre as relacións interculturais e os procesos de cambio social. Centrámonos, concretamente, naqueles novos obxectos de estudo que, polo seu carácter fronteirizo, son especialmente susceptibles de análise intercultural.

Pola súa mesma orientación temática, outro dos obxectivos do Congreso foi o de achegar elementos que permitisen unha escoita sensíbel das transformacións que tanto Galiza como o mundo estaban a experimentar nese momento histórico (o ano 2015), no que se estaban a producir fondas transformacións económicas e políticas que convidan a repensar as fronteiras existentes, incluídas as do coñecemento.

Xa declarabamos entón que o principal obxectivo do XI Congreso da AIEG foi o de contribuír ao proceso de apertura dos estudos galegos á análise dos fenómenos de interculturalidade, centrándonos nun feixe de ámbitos de estudo: os fenómenos de interculturalidade e hibridación, a literatura e movementos migratorios, o estudo do nacionalismo nos novos contextos globais, os procesos de cambio

social e a reconfiguración das identidades culturais, o cambio lingüístico, multilingüismo e o contacto de linguas, a transculturalidade e a tradución.

Como en cada edición, a AIEG contou co apoio e respaldo das institucións galegas que coidan e traballan a prol da cultura galega. O Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, a Xunta de Galicia e as universidades galegas. En Bos Aires, fomos acompañados pola Delegación da Xunta de Galicia, pola Universidade Nacional de San Martín (UNSAM) a través do seu programa Lectura Mundi, e polas máis importantes institucións galegas: o Centro Galego de Bos Aires, o Centro Galicia de Bos Aires e o seu case milagroso Instituto Santiago Apóstol no que uns cincocentos nenas e nenos arxentinos se educan en galego, a Federación de Sociedades Galegas e o Centro Betanzos.

Para rematar, e non por iso menos importante, se ese congreso e unha boa parte das súas importantes achegas que poderedes encontrar neste tomo foron posíbeis, só se debe ao entusiasmo e á complicidade dun feixe de homes e mulleres espallados polo mundo. Olga Castro, que vive no Reino Unido. Elisa Fernández Rei e María do Cebreiro, que viven en Galicia. Gabriel Pérez Durán, que vivía daquela en Alemaña e hoxe voltou á terra. Carmen Mejía, que vive en Madrid e que nestes momentos preside con responsabilidade e profesionalismo a AIEG. E Mariela Sánchez, Andrea Cobas Carral, Hernán Díaz e Ruy Farías, estes últimos, enormes galegos na Arxentina. Tamén pola xenerosidade dun grupo de amigos comprometidos coa terra: María Gabriela Sande, Susana Mellid, Inés Martínez, Cristina Vázquez, Estela Domínguez e Dolores Ferreiro.